



INSTRUCCION

A celebración das Cacharelas/Sardiñadas en terreos de dominio público están suxeitas á correspondente autorización da Alcaldía.

As que se desenvolvan en terreos de carácter privado deberán presentar comunicación previa.

Cacharelas/sardiñadas en espazos públicos: As persoas, organizacións e comunidades que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada en terreos de carácter público deberán presentar a solicitude correspondente no rexistro do Concello conforme ao modelo aprobado. A solicitude presentarse, preferente, a través da sede electrónica, ou no Rexistro Xeral do Concello de Vila de Cruces ata as 00:00 horas do 16 de xuño no caso das cacharelas de San Xoán, e con 10 días hábiles de antelación á data de celebración, nos restantes casos. Deberán de presentar a seguinte documentación:

- Plano de situación do lugar onde se vai a realizar a fogueira-sardiñada.
- Fotocopia DNI da persoa responsable.
- Seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 300.000 €.

Cacharelas/sardiñadas en propiedade privada: Os particulares que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada en terreos de propiedade privada deberán presentar a comunicación previa debidamente cumprimentada e asinada, segundo modelo aprobado polo Concello. A comunicación presentarse ata as 00:00 horas do día 22 de xuño de 2022 no caso das cacharelas de San Xoán e con 3 días hábiles de antelación á data de celebración nos restantes casos. As persoas asinantes da comunicación previa teñen que ser maiores de idade. Con este trámite é suficiente para poder levar a cabo a actividade, sen prexuízo da responsabilidade por danos ou perdas a que houbera lugar no caso de que concorrera negligencia ou imprudencia. Deberán de presentar a seguinte documentación:

- Plano de situación do lugar onde se vai a realizar a fogueira-sardiñada.
- Fotocopia DNI da persoa responsable.

EN TODO CASO DEBERA OBSERVARSE AS SEGUINTE PAUTAS:

Os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono dos Bombeiros (080), Emerxencias (112) e Protección Civil 986582322.



- Se a propiedade está en zona urbana: o volume do combustible da cacharela non excederá os 2 metros de diámetro e 6 metros de perímetro, nin un metro de altura.
- En zona rural: o volume do combustible da cacharela non excederá os 3 metros de diámetro ou 9 de perímetro, nin os 3 metros de altura.
- A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, agás no casco urbano.
- Porase especial coidado en situar a fogueira lonxada das vivendas, vehículos, e instalacións e locais nos que se almacenen produtos inflamables; asemade non se situarán baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, nin preto de masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- Prohíbese a queima sobre terreos de carácter público aglomerado ou asfaltado.
- No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso públicos enlousados, os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- Prohíbese a colocación e exhibición de pancartas que non estean expresamente autorizadas.
- A fogueira permanecerá vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga, asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.

Concello de Vila de Cruces



- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Cumprir o establecido na Lei 11/2010 de 17 de decembro, de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
- Nas cacharelas e sardiñadas que se celebran en espazos públicos, terán prioridade as Asociacións Veciñais e Culturais.
- O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas cumprirá estas normas e as Ordenanzas municipais.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492